

I. INFORMACIÓN CLAVE

1. DEFINICIÓNS

❖ **Acoso** (Lei 4/2011 de 30 de xuño art. 28 e O. 8/9/21 art. 65)

“Calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno por outro/s, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou vacío social, con independencia do lugar no que se produza.”.

Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios **(TET)**, tecnolóxicos, electrónicos ou telemáticos que se deban a unha relación que nazca no ámbito escolar.

❖ **Ciberacoso**

Modalidade de acoso producido a través das **TRIC (Tecnoloxías de Relación, Información e Comunicación)** como poden ser a mensaxería instantánea, redes sociais ou internet en xeral. Pode incluír *rumores* a través da rede, *publicación de información falsa*, *suplantación de identidade*, *acoso sexual* ou *mensaxes ameazantes, humillantes ou insultantes* a través da rede.

Moitas accións relacionadas co acoso poden ser delitos como:

- Publicación de imaxes ou datos comprometidos.
- Perfiles falsos.
- Alta da vítima en servizos en liña.
- Obtención de claves suplantando a identidade.
- Roubo de sesión abertas en equipos compartidos.
- Publicación de info vexatoria a través de IA.

2. CARACTERÍSTICAS

- **Continuidade** no tempo.
- **Desigualdade** (desequilibrio de poder físico, social, psicolóxico, dominio TRIC...).
- RIPI **Repetición + Intencionalidade + Personalización + Indefensión**
- **Rexeitamento** (accións non aceptadas pola vítima).
- **Invisibilidade** (realízase de forma calculada en espazos e tempos sen adultos)
- **Inhibición** de persoas observadoras.

3. TIPOS DE ACOSO

a) FÍSICO

- *Directo*: sobre a persoa
- *Indirecto*: sobre as súas cousas ou persoas cercanas

b) VERBAL

- *Directo*: insultos, motes
- *Indirecto*: rumores

c) PSICOLÓXICO: ameazas, intimidación, exclusión, manipulación...

d) SEXUAL: actos violentos dentro dunha relación de dominación que poidan ter consecuencias sexuais, físicas ou psicolóxicas.

Como centro concienciado coa convivencia e co benestar emocional de todo o noso alumnado, informamos que dende hoxe contamos co **PUNTO LARANXA** contra o **acoso e ciberacoso escolar**.

Este **PUNTO LARANXA**, é un espazo físico, ben identificado e situado na entrada do centro, no que o alumnado e membros da comunidade educativa, poderán comunicar ou denunciar, de forma totalmente anónima, posibles situacións de acoso ou ciberacoso escolar que sufran ou perciban en outras persoas.

